

Estimada presidenta:

O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra ten o pracer de informala da posta en marcha da campaña de promoción de consumo de produtos do mar que estamos organizando nas prazas de abastos do noso ámbito territorial: Bueu, Marín, Portonovo, Sanxenxo e Poio.

A campaña persegue os seguintes obxectivos:

1. **Informar** ás persoas consumidoras de aspectos importantes sobre o consumo de peixes e mariscos, como o etiquetado, a depuración de moluscos, as distintas preparacións de especies pesqueiras menos coñecidas, etc...
2. **Fomentar** o consumo de peixes e mariscos durante todo o ano, como un produto necesario na nosa dieta.
3. **Promover** a compra nos mercados e prazas de abastos locais.
4. **Dar a coñecer** o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra entre a cidadanía: finalidade, liñas de actuacións que desenvolvemos, financiamento para proxectos empresariais, etc...

En cada unha das prazas de abastos instalarase un punto de información onde as persoas asistentes poderán participar en obradoiros de recoñecemento de distintas especies, catarán produtos do mar en preparacións diferentes ás habituais e recibirán información relativa ao consumo responsable de peixes e mariscos.

As xornadas desenvolveranse en horario de 10:00 a 13:30 horas, segundo o seguinte calendario de actuacións:

- **Praza de abastos de Bueu: 15 e 22 de decembro**
- **Praza de abastos de Marín: 16 e 23 de decembro**
- **Praza de abastos de Portonovo: 18 e 22 de decembro**
- **Praza de abastos de Sanxenxo: 14 e 21 de decembro**

En Poio a actuación realizarase nos novos Pabillóns de Mariscadoras na Seca en horario e data a confirmar.

Esperamos contar coa súa participación e a das persoas asociadas a súa organización, polo que pregamos a súa colaboración na difusión desta campaña informativa.

Aproveitamos para poñernos á súa disposición e ofrecernos a organizar unha sesión informativa sobre o Grupo de Acción Costeira para as persoas socias da entidade que preside.



Asinado: José Antonio Gómez Castro
Presidente

www.accioncosteira.es